TE	0+032,000	535,346	4,5990					
V	0+032,000	535,346	4,5990	535,346	0,000	0,000	0,000	0,0000
TS	0+032,000	535,346	4,5990					
	0+032,980	535,391	4,5901					

AB_Sur_saida - T_AB_Sur_saida - R_AB_Sur_saida

DATOS DE ENTRADA

Ver.	Estación	Cota	Pente.(%)	Long.(L)	Radio(kv)	Flecha
1	0+000,000	535,330•				
2	0+005,047	535,121	-4,1500•	10,090•	-353,464	-0,036
3	0+012,047	534,630	-7,0046•	3,902•	353,243	0,005
4	0+014,000	534,515	-5,9000•	0,000	0,000•	0,000
5	0+015,365	534,432•	-6,0813			

LISTADO DE VÉRTICES

Ver.	Esta./Cota	TE/TS	Cota TE/TS	Pente.(%)E/S	L/Flecha	Kv/Theta(%)
1	0+000,000					
	535,330	0+000,000	535,330	-4,1500		
2	0+005,047	0+000,002	535,330	-4,1500	10,090	-353,464
	535,121	0+010,092	534,767	-7,0046	-0,036	-2,8546
3	0+012,047	0+010,096	534,767	-7,0046	3,902	353,243
	534,630	0+013,998	534,515	-5,9000	0,005	1,1046
4	0+014,000	0+014,000	534,515	-5,9000	0,000	0,000
	534,515	0+014,000	534,515	-6,0813	0,000	-0,1813
5	0+015,365	0+015,365	534,432	-6,0813		
	534,432					

PUNTOS DO EIXO CADA 10 METROS

	Estación	Cota	Pente.(%)	Cota Ver.	Long.(L)	Radio(kv)	Flecha	Theta(%)
	0+000,000	535,330	-4,1500					
TE	0+000,002	535,330	-4,1500					
V	0+005,047	535,085	-5,5773	535,121	10,090	-353,464	-0,036	-2,8546
	0+010,000	534,774	-6,9786					
TS	0+010,092	534,767	-7,0046					
TE	0+010,096	534,767	-7,0046					
V	0+012,047	534,636	-6,4523	534,630	3,902	353,243	0,005	1,1046
TS	0+013,998	534,515	-5,9000					
TE	0+014,000	534,515	-5,9000					
V	0+014,000	534,515	-5,9000	534,515	0,000	0,000	0,000	0,0000
TS	0+014,000	534,515	-5,9000					
	0+015,365	534,432	-6,0813					

EJE 1 - EJE 1 - R_EJE_1

DATOS DE ENTRADA

Ver.	Estación	Cota	Pente.(%)	Long.(L)	Radio(kv)	Flecha
1	0+000,000	531,280•				
2	0+130,549	539,311•	6,1517			

LISTADO DE VÉRTICES

Ver.	Esta./Cota	TE/TS	Cota TE/TS	Pente.(%)E/S	L/Flecha	Kv/Theta(%)
1	0+000,000					
	531,280	0+000,000	531,280	6,1517		
2	0+130,549	0+130,549	539,311	6,1517		
	539,311					

PUNTOS DO EIXO CADA 10 METROS

	Estación	Cota	Pente.(%)	Cota Ver.	Long.(L)	Radio(kv)	Flecha	Theta(%)
	0+000,000	531,280	6,1517					
	0+010,000	531,895	6,1517					
	0+020,000	532,510	6,1517					
	0+030,000	533,126	6,1517					
	0+040,000	533,741	6,1517					
	0+050,000	534,356	6,1517					
	0+060,000	534,971	6,1517					
	0+070,000	535,586	6,1517					
	0+080,000	536,201	6,1517					
	0+090,000	536,817	6,1517					
	0+100,000	537,432	6,1517					
	0+110,000	538,047	6,1517					
	0+120,000	538,662	6,1517					
	0+130,000	539,277	6,1517					
TE	0+130,549	539,311	6,1517					
PA	0+130,549	539,311	6,1517					
V	0+130,549	539,311	6,1517	539,311	0,000	0,000	0,000	0,0000
TS	0+130,549	539,311	6,1517					
	0+130,549	539,311	6,1517					

EJE 2 - EJE 2 - R_EJE_2

DATOS DE ENTRADA

Ver.	Estación	Cota	Pente.(%)	Long.(L)	Radio(kv)	Flecha
1	0+000,000	537,323•				
2	0+058,392	535,628	-2,9028•	25,000•	355,118	0,220
3	0+096,050	537,186•	4,1372			

LISTADO DE VÉRTICES

Ver.	Esta./Cota	TE/TS	Cota TE/TS	Pente.(%)E/S	L/Flecha	Kv/Theta(%)
1	0+000,000					
	537,323	0+000,000	537,323	-2,9028		
2	0+058,392	0+045,892	535,991	-2,9028	25,000	355,118
	535,628	0+070,892	536,145	4,1372	0,220	7,0399
3	0+096,050	0+096,050	537,186	4,1372		
	537,186					

PUNTOS DO EIXO CADA 10 METROS

	Estación	Cota	Pente.(%)	Cota Ver.	Long.(L)	Radio(kv)	Flecha	Theta(%)
	0+000,000	537,323	-2,9028					
	0+010,000	537,033	-2,9028					
	0+020,000	536,742	-2,9028					
	0+030,000	536,452	-2,9028					
	0+040,000	536,162	-2,9028					
TE	0+045,892	535,991	-2,9028					
	0+050,000	535,895	-1,7460					
PB	0+056,200	535,841	0,0000					
V	0+058,392	535,848	0,6172	535,628	25,000	355,118	0,220	7,0399
	0+060,000	535,862	1,0699					
	0+070,000	536,109	3,8859					
TS	0+070,892	536,145	4,1372					
	0+080,000	536,522	4,1372					
	0+090,000	536,936	4,1372					
	0+096,050	537,186	4,1372					

Glorieta - TR_Glorieta - R_Glorieta

DATOS DE ENTRADA

Ver.	Estación	Cota	Pente.(%)	Long.(L)	Radio(kv)	Flecha
1	0+000,000	536,154•				
2	0+019,093	537,329•	6,1571	31,965•	-259,577	-0,492
3	0+063,076	534,621•	-6,1570	31,965•	259,580	0,492
4	0+087,965	536,154•	6,1569			

LISTADO DE VÉRTICES

Ver.	Esta./Cota	TE/TS	Cota TE/TS	Pente.(%)E/S	L/Flecha	Kv/Theta(%)
1	0+000,000					
	536,154	0+000,000	536,154	6,1571		
2	0+019,093	0+003,111	536,345	6,1571	31,965	-259,577
	537,329	0+035,076	536,345	-6,1570	-0,492	-12,3141
3	0+063,076	0+047,093	535,605	-6,1570	31,965	259,580
	534,621	0+079,058	535,605	6,1569	0,492	12,3139
4	0+087,965	0+087,965	536,154	6,1569		
	536,154					

PUNTOS DO EIXO CADA 10 METROS

	Estación	Cota	Pente.(%)	Cota Ver.	Long.(L)	Radio(kv)	Flecha	Theta(%)
	0+000,000	536,154	6,1571					
TE	0+003,111	536,345	6,1571					
	0+010,000	536,678	3,5032					
V	0+019,093	536,837	0,0000	537,329	31,965	-259,577	-0,492	-12,3141
PA	0+019,093	536,837	0,0000					
	0+020,000	536,836	-0,3492					
	0+030,000	536,608	-4,2017					
TS	0+035,076	536,345	-6,1570					
	0+040,000	536,042	-6,1570					
TE	0+047,093	535,605	-6,1570					
	0+050,000	535,443	-5,0373					
	0+060,000	535,131	-1,1849					
V	0+063,076	535,113	-0,0001	534,621	31,965	259,580	0,492	12,3139
PB	0+063,076	535,113	0,0000					
	0+070,000	535,206	2,6674					
TS	0+079,058	535,605	6,1569					
	0+080,000	535,663	6,1569					
	0+087,965	536,154	6,1569					

3. NORMATIVA APLICADA

Na elaboración do presente anexo de trazado utilizáronse as seguintes normas e instrucións:

- Borrador da Instrución 2/2021 pola que se regula o deseño de glorietas na rede autonómica de estradas de Galicia
- Orde do 23 de maio de 2019 da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo.
- Orde Circular 3/2007 da Dirección Xeral de Obras Públicas, pola que se aplica a Instrución de accesos nas estradas convencionais de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, redactada pola Dirección Xeral de Obras Públicas

A Norma 3.1-IC de Trazado establece criterios de deseño en planta e alzado, onde se condiciona o trazado polas visibilidades que deben ser tidas en conta dende o punto de vista da seguridade para a circulación. No presente proxecto, ao tratarse de actuacións de melloras locais ao cambiar a tipoloxía da intersección en estradas existentes, non son de aplicación estes criterios.

4. CUMPRIMENTO DA NORMATIVA

O borrador da Instrución pola que se regula o deseño de glorietas na rede autonómica de estradas de Galicia recolle unha serie de preceptos relativos ao deseño e condicións técnicas para o deseño da glorieta.

Esta Instrución actualiza a normativa precedente e establece uns criterios de deseño homoxéneos das glorietas a executar na Rede Autonómica de Estradas de Galicia, incorporando os condicionantes técnicos recollidos na normativa citada.

A continuación realízase unha análise dos diferentes criterios aplicados:

4.1 Xeometría

4.1.1. Morfoloxía

A glorieta proxectada ten un diámetro exterior de 28 metros, conta cun único carril na plataforma anular de ancho 6 metros e beiravías interior e exterior de 1 metro, tal e como se indica na Instrución.

4.1.2. Alzado

A glorieta proxéctase nunha intersección de dúas estradas existentes, polo que a súa implantación está condicionada ao trazado e pendentes das mesmas.

Se ben a Instrución indica que a pendente lonxitudinal tentará non sobrepasar dun 6% nos casos onde se desenrole a glorieta sobre vías existentes, no presente proxecto eses valores supéranse lixeiramente por mor das pendentes actuais das estradas. O eixe principal conta cunha pendente do 6,15%.

En canto á pendente transversal, a glorieta deséñase cun valor que varía entre o 2% e o 4%.

4.1.3. Ramais

A configuración proxectada da glorieta conta cos eixos das vías pasando polo centro xeométrico da mesma, evitando as entradas tanxenciais á calzada anular sen inflexión e conseguindo unha visibilidade completas das entradas anterior e posterior.

A pendente lonxitudinal dos ramais de acceso á glorieta teñen unha inclinación similar á da vía.

4.1.4. Entradas e saídas

Tanto as entradas como as saídas contan cun único carril, ao igual que as estradas.

O radio da curvatura da traxectoria de entrada dende o ramal á glorieta é de 20 metros en tres das catros entradas, sendo de 15 metros o radio da entrada situada ao leste ao verse condicionada pola edificación existente.

O radio da curvatura da traxectoria de saída dende a glorieta ao ramal é tamén de 20 metros, agás na saída do lateral leste que presenta as mesmas limitacións de espazo por culpa da edificación, adaptándose o seu radio a 15 metros.

4.1.5. Illotes deflectores

A glorieta conta con illotes deflectores físicos elevados en todos os seus accesos. Os illotes correspondentes á estrada autonómica contan con lonxitudes amplas mais os da estrada provincial ven reducidas as súas dimensións condicionados polas características da vía.

4.2 Sinalización, balizamento e iluminación

4.2.1. Sinalización vertical

A sinalización vertical axústase ao establecido na Norma 8.1-IC, Sinalización Vertical, da Instrución de Estradas e ao Catálogo de Sinais de Circulación da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento.

4.2.2. Sinalización horizontal

As marcas viarias dispóñense conforme ao establecido na Norma 8.2-IC, Marcas Viarias, da Instrución de Estradas.

Deséñanse cebreados nas beiravías de ambas marxes dos carrís que acceden á glorieta, nunha lonxitude igual á do illote de aproximación.

Os bordos montables dos illotes deflectores e do illote central proxéctanse pintados en amarelo.

4.2.3. Balizamento

Proxéctase a colocación de captafaros retrorreflectantes tanto no anel central como nos illotes de aproximación e nas beiravías máis próximas á glorieta.

4.2.4. Iluminación

A glorieta contará con iluminación exterior, completando o alumeado público existente no ámbito.

4.3 Deseño do anel central e illotes

4.3.1. Anel central

O illote central, situado tras a beiravía interior, está constituído por un bordo montable, unha coroa circular exterior dun metro de ancho (formigón de cor negra RAL 9005) e unha zona interior.

A zona interior estará rematada con céspede sintético, contará con decoración a base de pezas de formigón de Ø60 cm e cun letreiro retroiluminado de 1 metro de altura co nome de "DOADE".

4.3.2. Illotes de aproximación

Os illotes de aproximación, elevados, estarán delimitados cun bordo montable pintado de cor amarelo.
O recinto interior encherase con formigón de cor RAL 1002 (amarelo area).

ANEXO Nº8: MOVEMENTO DE TERRAS

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 1
2. LISTADO DE MOVEMENTO DE TERRAS 1
3. MEDICIÓN DE SOLO SELECCIONADO 3
4. RESUMO 3

PROXECTO DE TRAZADO:

GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA LU-903 E LU-P-5903 EN DOADE (SOBER)

ANEXO Nº8: MOVEMENTO DE TERRAS

1. INTRODUCIÓN

O obxecto deste anexo é realizar unha análise do movemento de terras necesario para a execución da obra.

Para isto, a partir do trazado proposto, realízase unha cubicación dos diferentes movementos de terra necesarios para adaptar a topografía orixinal do terreo ao mesmo. Para iso pártese dos datos proporcionados polo estudo das características xeolóxicas e xeotécnicas dos materiais da zona, que abarca os seguintes aspectos:

- Noiros a dispor en desmontes (1H:1V) e terrapléns (3H:2V).
- Espesores dos diferentes tipos de materiais (espesor de terra vexetal 30 cm).

2. LISTADO DE MOVEMENTO DE TERRAS

Cos noiros de desmonte (1/1) e terraplén (3/2) propostos, obtéñense os volumes dos movementos de terras que se detallan a continuación:

AB_Leste_entrada - AB_Leste_entrada

Estación	V.T.Veg.	V.Terra.	V.D.Tie.	S.Terra.	S.D.Tie.
0+000	0	0	0	0,06	1,02
	2	1	8		
0+010	2	1	8	0,07	1,00
	10	2	11		
0+020	12	2	19	0,03	1,44
	7	0	8		
0+026,487	19	2	27	0,04	0,57
TOTAL:	19	2	27		

AB_Leste_saida - T_AB_Leste_saida

Estación	V.T.Veg.	V.Terra.	V.D.Tie.	S.Terra.	S.D.Tie.
0+000	0	0	0	0,00	1,13
	13	1	10		
0+010	13	1	10	0,36	1,54
	7	2	3		
0+014,108	20	3	14	0,53	1,22
TOTAL:	20	3	14		

AB_Norte_entrada - AB_Norte_entrada

Estación	V.T.Veg.	V.Terra.	V.D.Tie.	S.Terra.	S.D.Tie.
0+000	0	0	0	0,97	0,87
	17	10	6		
0+010	17	10	6	0,53	0,54
	5	0	3		
0+015,416	23	10	9	0,00	0,64
TOTAL:	23	10	9		

AB_Norte_saida - T_AB_Norte_saida

Estación	V.T.Veg.	V.Terra.	V.D.Tie.	S.Terra.	S.D.Tie.
0+000	0	0	0	0,00	0,74
	12	5	5		
0+010	12	5	5	0,85	0,90
	2	3	2		
0+012,616	14	8	7	1,26	0,88
TOTAL:	14	8	7		

AB_Oeste_entrada - AB_Oeste_entrada

Estación	V.T.Veg.	V.Terra.	V.D.Tie.	S.Terra.	S.D.Tie.
0+000	0	0	0	0,00	0,73
	13	0	20		
0+010	13	0	20	0,00	3,16
	7	0	14		
0+016,190	20	0	34	0,00	1,97
TOTAL:	20	0	34		

AB_Sur_entrada - T_AB_Sur_entrada

Estación	V.T.Veg.	V.Terra.	V.D.Tie.	S.Terra.	S.D.Tie.
0+000	0	0	0	1,22	0,00
	20	16	0		
0+010	20	16	0	2,02	0,00
	23	20	0		
0+020	44	36	0	1,07	0,73
	14	8	10		
0+030	58	44	10	0,00	1,44
	3	0	4		
0+032,981	61	44	14	0,00	1,14
TOTAL:	61	44	14		

AB_Sur_saida - T_AB_Sur_saida

Estación	V.T.Veg.	V.Terra.	V.D.Tie.	S.Terra.	S.D.Tie.
0+000	0	0	0	2,59	0,00
	20	25	0		
0+010	20	25	0	2,36	0,10
	14	11	1		
0+015,365	34	36	1	1,79	0,13
TOTAL:	34	36	1		

EJE 1 - EJE 1

Estación	V.T.Veg.	V.Terra.	V.D.Tie.	S.Terra.	S.D.Tie.
0+000	0	0	0	0,66	0,63
	35	7	5		
0+010	35	7	5	0,64	0,31
	36	9	2		
0+020	71	16	7	1,17	0,13
	38	13	1		
0+030	110	28	8	1,39	0,11
	32	13	1		
0+040	141	41	9	1,02	0,11
	24	14	1		
0+050	165	56	10	1,83	0,13
	0	0	0		
0+050	165	56	10	1,84	0,12
	0	0	0		
0+100	165	56	10	0,57	0,70
	20	26	16		
0+110	185	82	26	2,82	1,58
	18	24	18		
0+120	202	106	44	2,02	2,00
	15	19	24		
0+130	218	125	67	1,74	2,72
	1	1	1		
0+130,549	219	126	69	1,73	2,73
TOTAL:	219	126	69		

EJE 2 - EJE 2

Estación	V.T.Veg.	V.Terra.	V.D.Tie.	S.Terra.	S.D.Tie.
0+000	0	0	0	0,37	0,63
	15	3	12		
0+010	15	3	12	0,21	1,79
	12	4	7		
0+020	27	7	19	0,58	1,00
	8	3	4		
0+030	35	10	23	0,00	0,00
	0	0	0		
0+030	35	10	23	0,00	0,00
	0	0	0		
0+070	35	10	23	0,00	0,00
	15	18	18		
0+080	50	28	41	2,93	2,22
	14	15	25		
0+090	65	42	66	0,02	2,72
	4	0	16		
0+096,050	69	43	82	0,07	2,62
TOTAL:	69	43	82		

Glorieta - TR_Glorieta

Estación	V.T.Veg.	V.Terra.	V.D.Tie.	S.Terra.	S.D.Tie.
0+000	0	0	0	0,67	0,98
	0	0	0		
0+000	0	0	0	0,67	0,98
	0	0	0		
0+069	0	0	0	0,56	1,52
	1	1	1		
0+070	1	1	1	1,08	0,42
	26	3	27		
0+080	27	4	28	0,19	3,71
	3	0	3		
0+081	30	4	32	0,02	3,28
TOTAL:	30	4	32		

RESUMEN

	V.T.Veg.	V.Terra.	V.D.Tie.
AB_Leste_entrada - AB_Leste_entrada	19	2	27
AB_Leste_saida - T_AB_Leste_saida	20	3	14
AB_Norte_entrada - AB_Norte_entrada	23	10	9
AB_Norte_saida - T_AB_Norte_saida	14	8	7
AB_Oeste_entrada - AB_Oeste_entrada	31	24	20
AB_Oeste_saida - T_AB_Oeste_saida	20	0	34
AB_Sur_entrada - T_AB_Sur_entrada	61	44	14
AB_Sur_saida - T_AB_Sur_saida	34	36	1
EJE 1 - EJE 1	219	126	69
EJE 2 - EJE 2	69	43	82
Glorieta - TR_Glorieta	30	4	32
TOTAL:	539	298	309

3. MEDICIÓN DE SOLO SELECCIONADO

Cun espesor de 100 cm, será precisa a escavación dun volume total de 1.205 m³ para a formación da explanada.

4. RESUMO

Os volumes (m³) de terra totais resultantes son os seguintes:

	Volume Terra Vexetal	Volume Terraplén	Volume Desmonte
TOTAL:	**539**	**298**	**1.514**

A presente obra presenta un exceso de terras de 1.216 m³ (1.514 - 298), polo que non será necesaria a aportación de terras de préstamos, reempregándose para a formación de terrapléns da propia obra.

ANEXO Nº9: FIRMES E PAVIMENTOS

ÍNDICE

1. CRITERIOS DE DESEÑO 1
2. ESTUDO DO TRÁFICO 1
3. SOLUCIÓN ADOPTADA 1
4. DESCRICIÓN DOS MATERIAIS EMPREGADOS 2
5. OUTROS ASPECTOS 2

PROXECTO DE TRAZADO:

GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA LU-903 E LU-P-5903 EN DOADE (SOBER)

ANEXO Nº9: FIRMES E PAVIMENTOS

1. CRITERIOS DE DESEÑO

Para a determinación do firme a construír, nos baseamos nas especificacións indicadas na Instrución 6.1-I.C., aprobada por FOM/3460/2003, do 28 de novembro e publicada no B.O.E. de data 12 de decembro de 2003, e na Orde Circular OC 1/2023 sobre actualización de espesores das capas e tipos de mesturas bituminosas en quente e semiquente na norma 6.1 IC "Seccións de firme", aprobada o 3 de abril de 2023.


2. ESTUDO DO TRÁFICO

Do estudo realizado no Anexo nº6 – Tráfico, despréndese que a categoría de tráfico para este punto da estrada LU-903 é:

T32 ⟶ **50 ≤ IMDp < 100**

3. SOLUCIÓN ADOPTADA

Entre as seccións estruturais de firme indicadas no catálogo correspondente á figura 2.2 da Norma 6.1 – I.C., sería a axeitada a sección nº 3221, de entre aquelas que son aplicables ós casos de categoría de explanada E2 e tráfico T32, formado por 35 cm de espesor de zahorra artificial e 15 cm de espesor de mestura bituminosa.



A solución proposta é seguinte paquete de firme:

- **Rodaxe**: MBC tipo AC 16 surf BC 50/70 S de 5 cm. (espesor uniforme mínimo).
- Rego de Adherencia termoadherente de 0.60 kg/m²: Emulsión asfáltica catiónica, de rotura rápida C60B3 TER
- **Intermedia:** MCB tipo AC 22 bin BC 50/70 S (S-20) de 10 cm. (espesor uniforme mínimo).
- Rego de imprimación termoadherente de 1.00 kg/m²: Emulsión asfáltica catiónica, de rotura lenta C60BF4 IMP
- **Subbase:**

  Zahorra Artificial (ZA 0/32) 35 cm mínimo.

  Explanada en zonas de nova ocupación, altura media de 1 m. de material seleccionado

4. DESCRICIÓN DOS MATERIAIS EMPREGADOS

A continuación expóñense as características dos materiais empregados no presente proxecto:

- **Mestura bituminosa AC-16 surf BC 50/70 S**
  - Porcentaxe de ligante sobre mestura (incluído filler) ➔ 4,5%
  - Tipo de ligante ➔ BC 50/70
  - Densidade da mestura ➔ 2,45 t/m³
  - Relación ponderal entre o po mineral e ligante hidrocarbonado ➔ 1,2 t/m³
- **Mestura bituminosa AC-22 bin BC 50/70 S**
  - Porcentaxe de ligante sobre mestura (incluído filler) ➔ 4,0%
  - Tipo de ligante ➔ BC 50/70
  - Densidade da mestura ➔ 2,45 t/m³
  - Relación ponderal entre o po mineral e ligante hidrocarbonado ➔ 1,2 t³
- **Emulsións asfálticas**
  - Rego de adherencia: C60B3 TER ➔ 0,60 kg/m²
  - Rego de imprimación: C60BF4 IMP ➔ 1,00 kg/m²

❖ Realizarase o fresado no encontro no límite da actuación para escalonar as novas capas do firme.

❖ O coeficiente de pulido acelerado (PSV) do árido groso a empregar en capas de rodadura (norma UNE-EN 1097-8) deberá cumprir o fixado na táboa 542.5 do PG3, onde para a categoría de tráfico T32 o PSV debe ser maior ou igual a 44.

❖ A superficie da capa deberá presentar unha textura homoxénea, uniforme e exenta de segregacións. A resistencia ao deslizamento transversal (norma UNE 41201 IN) non deberá ser inferior ao indicado na táboa 542.15, que indica un valor mínimo de CRT de 65.

❖ Para a relación ponderal entre po mineral e ligante hidrocarbonado tívose en conta que se trata de capas intermedia ou de rodadura en zona térmica estival de cálida a media, cumprindo así as especificacións correspondentes á táboa 542.11 do PG-3.


❖ Os materiais empregados (BC 50/70, C60BF4 IMP, C60B3 TER e MBC) seleccionáronse de acordo coa orde FOM-2523-2014 e coa orde FOM/510/2018, pola que se actualizan os artigos 211, 212, 214, 531 e 542 do PG-3.

5. OUTROS ASPECTOS

Xunto coa implantación da glorieta completaranse as beirarrúas existentes, as cales discorrían inicialmente nun treito da marxe esquerda da estrada LU-903 e que coa solución proposta complétase o itinerario peonil cara a marxe dereita e esténdese cara a estrada provincial. Deste xeito ponse a disposición dos veciños deste núcleo unhas beirarrúas e un cruce mediante paso de peóns que incrementan a seguridade dos veciños e visitantes de Doade.

A solución adoptada como criterio xeral para estas beirarrúas conta cun ancho mínimo de 1,80 m. Nos treitos anexos á glorieta e nos que non se dispoña de beirarrúas, disporase de cunetas transitables de seguridade, formigonadas e cun ancho que varía entre os 1,50 m. e 1,00 m.

A elección do material faise en función da clasificación do solo e da realidade territorial no que se encontra proxectada a obra. Seguindo o indicado no apartado 5.1 da Instrución 3/2021 da Axencia Galicia de Infraestruturas, ao localizarse as obras en chan de núcleo rural a solución preferentemente será en formigón e en cor terriza ao ser edificación dispersa a existente no ámbito.



(*) A cor terriza nos pavimentos de formigón equivale aproximadamente á proporcionada polo pigmento Bayferrox 960 cunha dosificación do 3,5% sobre o peso do cemento. Na táboa reflíctese a cor do devandito pigmento, non do pavimento.

(**) HF-3,5/ HF-4,0 sempre previa xustificación axeitada , en caso de tráfico elevado de ciclistas ou pendentes elevadas.

Para o dimensionamento do paquete de firme considérase o indicado no apartado 5.3 da Instrución 3/2021 da Axencia Galicia de Infraestruturas:

<table>
<tr><th colspan="3">TÁBOA DE SECCIÓNS DE FIRME</th></tr>
<tr><th colspan="2"></th><th>ZONA PEONIL
(tráfico diferenciado)</th><th>SENDA MIXTA
(PEONIL+CICLISTA)</th><th>ZONA CICLISTA
(tráfico diferenciado)</th></tr>
<tr><td rowspan="2">ZONA URBANA, S.NUCLEO RURAL OU EDIFICADA</td><td>edificación dispersa</td><td>6 cm HF-3,5
10 cm HF-3,5
explanada
ou</td><td>6 cm HF-4,0
8 cm HF-4,0
explanada</td><td rowspan="3"></td></tr>
<tr><td>edificación continua</td><td>16 cm HF-3,5
explanada
ou</td><td>14 cm HF-4,0
explanada</td></tr>
<tr><td colspan="2">ZONAS RÚSTICAS SEN EDIFICAR</td><td>20 cm SEST
explanada</td><td>caso xeral
20 cm SEST
explanada
excepcionalmente(*)
6 cm HF-3,5
10 cm HF-3,5
explanada
excepcionalmente(*)
6 cm HF-4,0
8 cm HF-4,0
explanada</td><td>6 cm HF-3,5
10 cm HF-3,5
explanada
6 cm HF-4,0
8 cm HF-4,0
explanada</td></tr>
</table>

En base ao anterior, tomouse a seguinte solución construtiva para as beirarrúas:

- 25 cm de zahorra.
- 16 cm de formigón HF-3,5 en cor terriza

ANEXO Nº10: DRENAXE

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 1
2. HIDROLOXÍA 2
3. DRENAXE 2
3.1 Estado actual 2
3.2 Drenaxe proposta 3
4. CÁLCULO DOS COLECTORES 3
5. CONCLUSIÓNS 5

PROXECTO DE TRAZADO:

GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA LU-903 E LU-P-5903 EN DOADE (SOBER)

ANEXO Nº10: DRENAXE

1. INTRODUCIÓN

O presente Anexo ten por obxecto dotar dos sistemas de drenaxe superficial precisos á nova glorieta que se disporá na intersección da estrada LU-903 e a estrada LU-P-5903.

A drenaxe superficial das estradas comprende:

- A captación ou recollida das augas procedentes da plataforma e as súas marxes, das estruturas e dos túneles, mediante elementos específicos.

- A condución e evacuación de ditas augas, así coma as provenientes da drenaxe subterránea da estrada, a canles naturais, rede de sumidoiros ou á capa freática.

- A restitución da continuidade das canles naturais interceptadas pola estrada, mediante o seu eventual acondicionamento e a construción de pontes e/ou obras de drenaxe transversal (ODT).

Para levar a cabo todo isto, empregaremos as seguintes instrucións.

- Instrución 5.1-IC Drenaxe

- Instrución 5.2-IC Drenaxe superficial (Orden FOM/298/2016)


- Instrución 4.1-IC Obras pequeñas de fábrica

- Recomendaciones para el proyecto y construcción del drenaje subterráneo en obras de carretera (O.C. 17/2003).


- Plan Hidrolóxico da Confederación Hidrográfica Miño- Sil

2. HIDROLOXÍA

A rede hidrolóxica na zona de actuación reflíctese a continuación:



Rede hidrográfica zona actuación - Visor CHMS



Como se pode observar, a zona de actuación non interfire ningún curso de auga catalogado. O máis próximo á zona de actuación é un rego innominado con ID 19246, afluente do río da Acea que á súa vez desemboca no río Sil.

3. DRENAXE

3.1 Estado actual

Na actualidade, a drenaxe das augas superficiais da estrada LU-903 realízase da seguinte forma:

- antes da intersección coa estrada provincial, a estrada consta de cunetas en terra en ambas marxes.



Estado actual LU-903: Cuneta de terra que recolle as augas superficiais

- Na intersección, a marxe esquerda conta cun cruce mediante tubo plástico de Ø315mm e a marxe dereita presenta un cruce con tubo plástico de Ø630mm.

- Tras a intersección, a marxe esquerda presenta unha cuneta formigonada e a marxe dereita unha beirarrúa con recollida das augas procedentes da plataforma mediante sumidoiro.



Estado actual LU-903: Beirarrúas e sumidoiros a que recollen as augas superficiais

Na estrada LU-P-5903 a drenaxe das augas superficiais realízase da seguinte forma:

- A marxe esquerda antes da intersección presenta cuneta de terra, a cal remata nunha embocadura que conecta coa obra de drenaxe da estrada autonómica.

- A outra marxe, e tras a intersección, carecen de cunetas.



Estado actual LU-P-5903: Cuneta en terra no primeiro tramo da marxe esquerda

3.2 Drenaxe proposta

Coa implantación da glorieta na intersección das dúas estradas a drenaxe existente verase totalmente modificada.

Prevese en ambas estradas e en ambas marxes de cada unha delas a canalización das augas de chuvia con tubaxes de PVC Ø400 mm, agás na marxe dereita da estrada LU-903 onde se manterá o diámetro existente de Ø630 mm para a tubaxe de PVC.

Estas canalizacións discorrerán baixo cuneta de seguridade revestida en formigón ou baixo beirarrúa. Neste último caso disporase de arquetas sumidoiros dispostos na beiravía da estrada para a recollida das augas superficiais que, no caso da cuneta revestida, recollerase na propia cuneta mediante arqueta con reixa.

Nos planos en planta da rede de drenaxe especifícanse a situación de cada un destes elementos.

A continuación achéganse os cálculos dos dispositivos hidráulicos a empregar para a actuación que nos ocupa.

4. CÁLCULO DOS COLECTORES

Para a modelaxe da rede drenaxe empregouse o programa informático SUwin, que permite introducilos datos da precipitación, período de retorno e subbacías de aportación, e posteriormente realiza o cálculo dos aplicando o Método Racional.

Axúntanse a continuación os datos de entrada e resultados, así coma a superficie tida en conta para calcular a escorrentía en cada sumidoiro (terreos adxacentes e plataforma) e características do mesmo e os valores obtidos de velocidades, calado, etc.

As fórmulas que se empregan para o cálculo das variables que definen o réxime hidráulico son a ecucación de continuidade:

$$Q = A \cdot V$$

E a fórmula de Manning:

$$V = \frac{1}{n} R_h^{2/3} \cdot I^{1/2}$$

Onde:

- Q: caudal, en m³/s
- A: sección, en m²/s
- V: velocidade, en m/s
- n: coeficiente de Manning, dependente do material
- R_H: radio hidráulico, en m
- I: pendente da condución, en m/m

O programa calculo os parámetros dependentes da sección (A e RH), en función dos valores introducidos (sección tubaxe elixida, material, serie, etc.).

➢ <u>Datos xerais:</u>

Método de cálculo:		=	Hidrometeorolóxico
Período de retorno [anos]	T	=	25 (drenaxe da plataforma e marxes)
Coeficiente de variación:	C_v	=	0,35
Factor de amplificación (cuantil rexional):	K_t	=	1,73
Precipitación media diaria:	P_d	=	64
Precipitación máxima diaria:	P_d	=	110
Relación I1/Id:	I1/Id	=	8
Coef. corrección umbral escorrentía:			1,017

➢ Táboa Intensidade/Duración:

Duración (min)	Intensidade (mm/h)
5.00	117.510015
7.00	102.122704
10.00	87.544936
12.00	80.743128
15.00	72.985188
17.00	68.896198
20.00	63.857422
25.00	57.417104
30.00	52.546676

Colector: Rede 1

Datos das bacías vertentes:

Referencia	Método cálculo	S	L	i	Tipo de flujo	t_{dif}	n_{dif}	Naturaleza	P^i_0	P_0	C	t_c	K_t	I_d	F_{int}	I(T,t_c)	Qmax
		[m²]	[m]	[%]		[min]			[mm]	[mm]		[min]		[mm/h]		[mm/h]	[l/s]
Sumidero de pluviales S101	5.2-IC	106	30	5	Difuso	4,04	0,02	Redes viarias. grupo suelo A	1	1,02	1	5	1	4,62	25,4	117,51	3,436
Sumidero de pluviales S102	5.2-IC	96	14	5	Difuso	2,95	0,02	Redes viarias. grupo suelo A	1	1,02	1	5	1	4,62	25,4	117,51	3,112
Sumidero de pluviales S103	5.2-IC	209	12	4,3	Difuso	2,91	0,02	Redes viarias. grupo suelo A	1	1,02	1	5	1	4,62	25,4	117,51	6,775
Sumidero de pluviales S104	5.2-IC	209	16	3	Difuso	3,48	0,02	Redes viarias. grupo suelo A	1	1,02	1	5	1	4,62	25,4	117,51	6,775
Sumidero de pluviales S105	5.2-IC	69	11	3	Difuso	2,99	0,02	Redes viarias. grupo suelo A	1	1,02	1	5	1	4,62	25,4	117,51	2,237
Sumidero de pluviales S106	5.2-IC	196	13	4,2	Difuso	3,01	0,02	Redes viarias. grupo suelo A	1	1,02	1	5	1	4,62	25,4	117,51	6,354
Sumidero de pluviales S107	5.2-IC	38.190	420	7,9	Difuso	28,1	0,32	Prados y praderas, grupo suelo A, pendiente >= 3%	70	71,2	0,1	28,1	1,03	4,62	11,8	54,3	51,33
Sumidero de pluviales S108	5.2-IC	770	230	3,9	Difuso	9,77	0,02	Redes viarias. grupo suelo A	1	1,02	1	9,77	1,01	4,62	19,2	88,45	18,87
Sumidero de pluviales S109	5.2-IC	89	14	4,5	Difuso	3,04	0,02	Redes viarias. grupo suelo A	1	1,02	1	5	1	4,62	25,4	117,51	2,885
Sumidero de pluviales S110	5.2-IC	170	30	7,5	Difuso	3,71	0,02	Redes viarias. grupo suelo A	1	1,02	1	5	1	4,62	25,4	117,51	5,511
Sumidero de pluviales S111	5.2-IC	27.110	400	8,3	Difuso	27,2	0,32	Prados y praderas, grupo suelo A, pendiente >= 3%	70	71,2	0,1	27,2	1,03	4,62	11,9	55,11	36,94
Sumidero de pluviales S112	5.2-IC	1.086	180	4,4	Difuso	8,61	0,02	Redes viarias. grupo suelo A	1	1,02	1	8,61	1,01	4,62	20,2	93,47	28,09

Xeometría:

Tramo	Longitud Planta - Tubería	Pendiente	Rasante terreno		Cota solera		Profundidad solera		Material y revestimiento	Nº Manning	Alt/Diam Nominal
			Inicio	Final	Inicio	Final	Inicio	Final			
	[m]	[mm/m]	[m]	[m]	[m]	[m]	[m]	[m]			[mm]
T9	31,26 - 31,32	62,6	539	537,04	537,5	535,54	1,5	1,5	PVC	0,009	400
P107-P106	11,45 - 11,46	26,3	537,04	536,74	535,54	535,24	1,5	1,5	PVC	0,009	400
P106-P105	11,35 - 11,35	20	536,74	536,45	535,24	535,01	1,5	1,44	PVC	0,009	400
T6	28,21 - 28,21	13,2	537	536,45	535,5	535,13	1,5	1,32	PVC	0,009	400
P105-P103	8,48 - 8,49	50	536,45	535,41	534,33	533,91	2,12	1,5	PVC	0,009	630
P104-P103	15,04 - 15,05	44,7	536,25	535,41	534,75	534,08	1,5	1,32	PVC	0,009	400
P103-P102	10,43 - 10,46	71	535,41	534,66	533,91	533,16	1,5	1,5	PVC	0,009	630
P102-P101	9,80 - 9,83	69,2	534,66	533,99	533,16	532,49	1,5	1,5	PVC	0,009	630
P101-V101	16,99 - 17,00	31,1	533,99	533,46	532,49	531,96	1,5	1,5	PVC	0,009	630

Réxime hidráulico:

Tramo	Pluviales		
	Q	h	V
	[l/s]	[m]	[m/s]
T9	53,502	0,073	3,486
P107-P106	56,087	0,093	2,599
P106-P105	57,44	0,101	2,376
T6	62,908	0,118	2,098
P105-P103	122,708	0,101	3,895
P104-P103	2,237	0,018	1,191
P103-P102	126,934	0,094	4,451
P102-P101	130,112	0,096	4,442
P101-V101	131,572	0,118	3,362

Colector: Rede 2

Datos das cuncas vertentes:

Referencia	Método cálculo	S	L	i	Tipo de flujo	t_{dif}	n_{dif}	Naturaleza	P^i_0	P_0	C	t_c	K_t	I_d	F_{int}	I(T,t_c)	Qmax
		[m²]	[m]	[%]		[min]			[mm]	[mm]		[min]		[mm/h]		[mm/h]	[l/s]
Sumidero de pluviales S201	5.2-IC	172	30	5	Difuso	4,04	0,02	Redes viarias. grupo suelo A	1	1,02	1	5	1	4,62	25,4	117,51	5,576
Sumidero de pluviales S202	5.2-IC	330	30	5	Difuso	4,04	0,02	Redes viarias. grupo suelo A	1	1,02	1	5	1	4,62	25,4	117,51	10,7
Sumidero de pluviales S203	5.2-IC	269	26	2,7	Difuso	4,38	0,02	Redes viarias. grupo suelo A	1	1,02	1	5	1	4,62	25,4	117,51	8,72
Sumidero de pluviales S204	5.2-IC	190	33	7,5	Difuso	3,85	0,02	Redes viarias. grupo suelo A	1	1,02	1	5	1	4,62	25,4	117,51	6,159
Sumidero de pluviales S205	5.2-IC	132	32	435	Difuso	1,63	0,02	Redes viarias. grupo suelo A	1	1,02	1	5	1	4,62	25,4	117,51	4,279
Sumidero de pluviales S206	5.2-IC	67	25	3	Difuso	4,17	0,02	Redes viarias. grupo suelo A	1	1,02	1	5	1	4,62	25,4	117,51	2,172
Sumidero de pluviales S207	5.2-IC	83	23	3	Difuso	4	0,02	Redes viarias. grupo suelo A	1	1,02	1	5	1	4,62	25,4	117,51	2,691
Sumidero de pluviales S208	5.2-IC	6900	195	9	Difuso	19,9	0,32	Prados y praderas, grupo suelo A, pendiente >= 3%	70	71,2	0,1	19,9	1,02	4,62	13,9	63,96	10,83
Sumidero de pluviales S209	5.2-IC	345	75	2,7	Difuso	6,71	0,02	Redes viarias. grupo suelo C	1	1,02	1	6,71	1,01	4,62	22,5	103,99	9,911

Réxime hidráulico:

Tramo	Pluviales		
	Q	h	V
	[l/s]	[m]	[m/s]
S205-P204	4,279	0,022	1,609
P204-P203	10,439	0,039	1,691
T8	16,921	0,053	1,748
P206-P205	18,385	0,052	1,977
P205-P203	20,136	0,072	1,343
P203-P202	37,36	0,062	3,089
P202-P201	48,057	0,07	3,327
P201-V201	53,633	0,079	3,127

5. CONCLUSIÓNS

En base aos cálculos realizados, a rede de drenaxe dimensionada é capaz de desaugalo caudal proveniente da plataforma, marxes e terreos adxacentes da estrada LU-903 cumprindo cos requisitos hidráulicos de referencia na normativa vixente aplicable.

Xeometría:

Tramo	Longitud Planta - Tubería	Pendiente	Rasante terreno		Cota solera		Profundidad solera		Material y revestimiento	Nº Manning	Alt/Diam Nominal
			Inicio	Final	Inicio	Final	Inicio	Final			
	[m]	[mm/m]	[m]	[m]	[m]	[m]	[m]	[m]			[mm]
S205-P204	32,49 - 32,55	60	538,88	536,9	537,35	535,4	1,53	1,5	PVC	0,009	400
P204-P203	20,92 - 20,93	32	536,9	536,24	535,4	534,73	1,5	1,51	PVC	0,009	400
T8	22,87 - 22,87	23,2	537,06	536,53	535,56	535,03	1,5	1,5	PVC	0,009	400
P206-P205	6,46 - 6,47	30,7	536,53	536,33	535,03	534,83	1,5	1,5	PVC	0,009	400
P205-P203	9,12 - 9,12	9,5	536,33	536,24	534,83	534,74	1,5	1,5	PVC	0,009	400
P203-P202	23,38 - 23,42	60	536,24	534,42	534,32	532,92	1,92	1,5	PVC	0,009	400
P202-P201	28,50 - 28,56	60	534,42	532,45	532,66	530,95	1,75	1,5	PVC	0,009	400
P201-V201	12,93 - 12,94	46	532,45	531,86	530,95	530,36	1,5	1,5	PVC	0,009	400

ANEXO Nº11: SOLUCIÓNS AO TRÁFICO

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 1
2. DISPOSITIVOS DE SINALIZACIÓN 1
SINALIZACIÓN DE OBRAS FIXAS 3

PROXECTO DE TRAZADO:

GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA LU-903 E LU-P-5903 EN DOADE (SOBER)

ANEXO Nº11: SOLUCIÓNS AO TRÁFICO

1. INTRODUCIÓN

Dada a proximidade de accesos a parcelas e vivendas existentes na intersección e ao non contar con claras alternativas ao tráfico para esta intersección, deberase de optar preferentemente por simultanear as obras co tráfico rodado.

Para iso deberanse de adoptar as medidas de sinalización e balizamento necesarias para separar o tráfico das zonas de obras mediante os dispositivos que se expoñen a continuación. Se fixese falta o corte dun dos carrís estableceranse as prioridades de paso entre sentidos mediante o correspondente sistema de semaforización.

2. DISPOSITIVOS DE SINALIZACIÓN

Seguiranse as especificacións da Orde de 31 de Agosto de 1.987, publicada no BOE de 18 de Setembro de 1987, polo que se publica a Instrución 8.3.-IC "Señalización de las obras" e do "Manual de ejemplos de señalización de obras fijas" de 1997 do Ministerio de Fomento.


A continuación inclúense os dispositivos de sinalización que deberán ser tidos en conta durante a execución das obras:

SINALIZACIÓN DE OBRAS FIXAS

Ministerio de Fomento
Dirección General de Carreteras

Señalización de Obras Fijas

Vías con arcén




Zona mínima de transición	Ejemplo: 0.1
	Figura:

Ministerio de Fomento
Dirección General de Carreteras

Señalización de Obras Fijas

Calzadas de dos o más carriles




Zona mínima de transición	Ejemplo: 0.2
	Figura:

Ministerio de Fomento
Dirección General de Carreteras

Señalización de Obras Fijas

Vía de doble sentido de circulación
calzada única con 2 carriles




Zona de obra: Exterior a la plataforma	Ejemplo: 1.1
Por ejemplo: Estructuras, excavación, etc.	Figura: A1/1

Ministerio de Fomento
Dirección General de Carreteras

Señalización de Obras Fijas

Vía de doble sentido de circulación
calzada única con 2 carriles




Zona de obra: En el arcén	Ejemplo: 1.2
Por ejemplo: Mantenimiento, etc.	Figura: A2/2

Ministerio de Fomento
Dirección General de Carreteras

Señalización de Obras Fijas

Vía de doble sentido de circulación
calzada única con 2 carriles




Zona de obra: En el arcén y parte de carril	Ejemplo: 1.3
Por ejemplo: Mantenimiento, etc.	Figura: A2/2

Ministerio de Fomento
Dirección General de Carreteras

Señalización de Obras Fijas

Vía de doble sentido de circulación
calzada única con 2 carriles




Zona de obra: En el arcén y parte de carril	Ejemplo: 1.4
Por ejemplo: Mantenimiento, etc.	Figura: A5/3

Ministerio de Fomento
Dirección General de Carreteras

Señalización de Obras Fijas

Vía de doble sentido de circulación
calzada única con 2 carriles




Zona de obra: En el arcén y carril con ampliación de plataforma	**Ejemplo: 1.5**
Por ejemplo: Mantenimiento, etc.	**Figura: A5/3**

Ministerio de Fomento
Dirección General de Carreteras

Señalización de Obras Fijas

Vía de doble sentido de circulación
calzada única con 2 carriles




Zona de obra: Dejando libre un carril	**Ejemplo: 1.6**
Por ejemplo: Obras diversas	**Figura: A6/4**

Ministerio de Fomento
Dirección General de Carreteras

Señalización de Obras Fijas

Vía de doble sentido de circulación calzada única con 2 carriles




Zona de obra: Dejando libre un carril (solo trabajos diurnos)	Ejemplo: 1.7
Por ejemplo: Obras diversas	Figura: A6/4

Ministerio de Fomento
Dirección General de Carreteras

Señalización de Obras Fijas

Vía de doble sentido de circulación calzada única con 2 carriles




Zona de obra: Dejando libre un carril	Ejemplo: 1.8
Por ejemplo: Obras diversas	Figura: A6/4

Ministerio de Fomento
Dirección General de Carreteras

Señalización de Obras Fijas

Vía de doble sentido de circulación calzada única con 2 carriles




Zona de obra: Dejando libre un carril en curva (solo trabajos diurnos)	Ejemplo: 1.9
Por ejemplo: Obras diversas	Figura: A6/4

Ministerio de Fomento
Dirección General de Carreteras

Señalización de Obras Fijas

Vía de doble sentido de circulación calzada única con 2 carriles




Zona de obra: Dejando libre un carril de curva	Ejemplo: 1.10
Por ejemplo: Obras diversas	Figura: A6/4

Ministerio de Fomento
Dirección General de Carreteras

Señalización de Obras Fijas

Vía de doble sentido de circulación calzada única con 2 carriles




Zona de obra: Ocupando dos carriles	**Ejemplo: 1.11**
Por ejemplo: Obras diversas	**Figura: A7/6**

Ministerio de Fomento
Dirección General de Carreteras

Señalización de Obras Fijas

Vía de doble sentido de circulación calzada única con 2 carriles




Zona de obra: Ocupando dos carriles (solo trabajos diurnos)	**Ejemplo: 1.12**
Por ejemplo: Obras diversas	**Figura: A7/6**

Ministerio de Fomento
Dirección General de Carreteras

Señalización de Obras Fijas

Vía de doble sentido de circulación calzada única con 2 carriles



Zona de obra: Ocupando dos carriles	Ejemplo: 1.13
Por ejemplo: Obras diversas	Figura: A7/6

ANEXO Nº12: SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 1

2. SINALIZACIÓN HORIZONTAL 1

2.1 Xeneralidades 1
2.2 Tipoloxía das marcas viarias 2
2.3 Materiais 2
2.3.1. Selección da clase de durabilidade 2

3. SINALIZACIÓN VERTICAL 3

3.1 Dimensións 3
3.1.1. Sinais de contido fixo 3
3.1.2. Paneis complementarios 3
3.1.3. Carteis 3
3.2 Selección nivel mínimo de retroflexión 3
3.3 Sinais de aceiro galvanizado 3
3.4 Situación dos sinais 3
3.4.1. Situación lateral dos sinais 4
3.4.2. Elementos de sustentación 4
3.4.3. Cimentacións 4

4. BALIZAMENTO 4

4.1 Xeneralidades 4
4.2 Descrición 4

5. DEFENSAS 4

5.1 Introdución 4
5.2 Barreiras de seguridade 4
5.2.1. Barreiras de seguridade 4
5.2.2. Posición lonxitudinal 5
5.2.3. Posición transversal 6
5.2.4. Sistemas de protección para motociclistas 6
5.2.5. Solución adoptada 6

PROXECTO DE TRAZADO:

GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA LU-903 E LU-P-5903 EN DOADE (SOBER)

ANEXO Nº12: SINALIZACIÓN E BALIZAMENTO

1. INTRODUCIÓN

Neste anexo recóllense os criterios e normativas empregadas para a definición da sinalización horizontal e vertical no treito de estudo ademais dos distintos elementos de sinalización e balizamento.

As normas e Recomendacións a seguir, son en concreto:

- Norma 8.1-I.C. aprobada por Orde FOM/534/2014
- Norma 8.2 I.C. de 16 de Xullo de 1.987
- Orde Circular 1/2008 de sinalización horizontal en travesías
- Nota informativa sobre prohibicións de adiantamento (15-02-91)
- Orde Circular 35/2014 Sobre criterios de aplicación de sistemas de contención de vehículos
- Orden circular 301/89 T sobre sinalización de obras
- Orde FOM/2523/2014 e a súa modificación na Orde FOM/510/2018.

O presente proxecto contempla a implantación dunha glorieta na intersección das estradas LU-903 e LU-P-5903 en Doade, Sober, o cal implica a completa renovación da sinalización vertical xunto coa correspondente sinalización horizontal e sistemas de balizamento.

2. SINALIZACIÓN HORIZONTAL

2.1 Xeneralidades

Para a disposición das marcas viarias teranse en conta as instrucións que ditan nas normas vixentes actualmente: A Norma de Estradas 8.2. IC "Marcas Viales", actualizada en marzo de 1.987.

Realizáronse planos de planta nos que se debuxaron as marcas viarias a pintar (Documento nº2. Planos), e planos de detalle nos que se detalla o dimensionamento e cor de cada marca viaria que se inclúe no presente proxecto.

As características dos materiais a empregar e a execución das distintas marcas viarias están definidas no apartado correspondente do Prego de Prescricións Técnicas Particulares podéndose resumir aquí como pinturas acrílicas en base acuosa.

O fin inmediato das marcas viarias é aumentar a seguridade, eficacia e comodidade da circulación. As marcas viarias son liñas ou figuras, aplicadas sobre o pavimento, que teñen por misión satisfacer unha ou varias das seguintes funcións:

- Delimitar carrís de circulación.
- Separar sentidos de circulación.
- Indicar o bordo da calzada.. Delimitar zonas excluídas á circulación regular de vehículos.
- Reglamentar a circulación, especialmente o adiantamento, a parada e o estacionamento.
- Completar e precisar o significado de sinais verticais e semáforos.
- Repetir ou recordar unha sinal vertical.
- Permitir os movementos indicados.
- Anunciar, guiar e orientar aos usuarios.

As marcas viarias incluídas no presente proxecto son:

Marcas viarias lonxitudinais continuas:

- M-2.1: Liña para separación de sentidos en calzada de dous o tres carrís, continua de 0.15 m de ancho.
- M-2.6: Liña de borde de calzada, continua e de 0,10 m de ancho se a beiravía é < 1,5 m, e de 0,15 m de ancho se a beiravía é ≥ 1,5 m.

Marcas viarias lonxitudinais descontinuas:

- M-1.12: Liña descontinua de borde en vías con VM ≤ 100 km/h e de ancho 0.15 m. Trazo de 1 m e vano de 3 m.

Marcas viarias transversais e símbolos:

- M-4.1: Marca viaria transversal de detención de ancho 0,4 m .
- M-4.2: Marca viaria transversal de ceda o paso de ancho 0,4 m .
- M-4.3 Marca transversal continua para paso peonil de 4 m de ancho.
- M-6.4: Marca viaria en símbolos (STOP) VM ≤ 60 km/h, superficie 1,23 m^2.
- M-6.5: Marca viaria en símbolos (CEDA) superficie 1,434 m^2.
- M-7.2: Marca viaria (CEBREADO).

2.2 Tipoloxía das marcas viarias

As marcas viais serán, en xeral, de cor branco. Esta cor corresponderá á referencia B-118 da norma UNE 48 103 ou equivalente, con pintura acrílica de base acuosa.

As obras comprenden a preparación das superficies para pintar, o reformulo e execución das marcas viarias e o borrado das marcas existentes ou defectuosas.

2.3 Materiais

A partir do artigo 700 do PG-3 procédese a definir a calidade das marcas horizontais de sinalización.

A selección do material máis idóneo para cada aplicación levarase a cabo determinando a clase de durabilidade en función do factor de desgaste, a natureza do material de base en función da súa compatibilidade co soporte.

2.3.1. Selección da clase de durabilidade

A selección da clase de durabilidade realizárase en función do factor de desgaste. Este calculárase como a suma dos valores asinados na táboa 700.7 para cada unha das catro (4) características da estrada. Unha vez calculado o factor de desgaste, a clase de durabilidade máis idónea seleccionarase de acordo co criterio especificado na táboa 700.8.

TÁBOA 700.7 VALORES INDIVIDUAIS DE CADA CARACTERÍSTICA DA ESTRADA A EMPREGAR NO CÁLCULO DO FACTOR DE DESGASTE

CARACTERÍSTICAS	**VALOR**					
	1	**2**	**3**	**4**	**5**	**6**
SITUACIÓN MARCA VIAL	Marca en zona excluída ao tráfico	Banda lateral esquerda, en calzadas separadas	Banda lateral dereita en calzadas separadas, ou laterais en calzada única	Eixo ou separación de carrís	Marca para separación de carrís especiais	Símbolos letras e frechas
CLASE DE RUGOSIDADE(*)(Norma UNE-EN 13197) (H en mm	RG1		RG2	RG3	RG4	
	a) H ≤ 0,3	b) 0,3 < H ≤ 0,6	0,6 < H ≤ 0,9	0,9 < H ≤ 1,2	a) 1,2 < H ≤ 1,5	b) H > 1,5
TIPO DE VÍA E ANCHO DE CALZADA (a, en m)	calzadas separadas	calzada única e boa visibilidade			calzada única e mala visibilidade	
		a ≥ 7,0	6,5 ≤ a < 7,0	a < 6,5		
INTENSIDADE MEDIA DIARIA	≤ 5 000	5 001 a 10 000	10 001 a 20 000	20 001 a 50 000	50 001 a 100 000	> 100 000

(*) Para aplicación directas sobre mesturas drenantes ou descontinuas (artigo 543 del PG-3) a rugosidade debe entenderse sempre RG4 b).

Para repintados nos que non se transmita textura do pavimento á superficie a rugosidade debe considerarse RG1 a)

TÁBOA 700.8 DETERMINACIÓN DA CLASE DE DURABILIDADE MÍNIMA EN FUNCIÓN DO FACTOR DE DESGASTE

FACTOR DE DESGASTE	**CLASE DE DURABILIDADE (NORMA UNE-EN 13197)**
≤ 14	P5
15 a 18	P6
≥ 19	P7

De acordo coas táboas 700.7 e 700.8 do citado PG-3, obtéñense os seguintes valores para o factor de desgaste:

Situación:

- Bandas laterais en estrada de calzada única: factor 3 Pintura
- Eixo ou separación de carrís: factor 4 Pintura.
- Marcas viarias para separación de carrís especiais: factor 5 Pintura.
- Pasos de cebra y ciclistas, símbolos, letras e frechas: factor 6 produtos de larga duración aplicados por pulverización (termoplásticos de aplicación en quente e plásticos en frío) ou marca viaria prefabricada.

Clase de rugosidade:

- RG4 b): factor 6 Pintura

Tipo de vía e ancho de calzada:

- Calzada única e boa visibilidade la≥7: Factor 2 Pintura

Intensidade media diaria

- ≤5000: Factor 1 Pintura

Clase de durabilidade en función do factor de desgaste

	FACTOR DE DESGASTE	CLASE DE DURABILIDADE (NORMA UNE-EN 13197)
Eixo, bandas laterais e separación de carrís especiais	14	P5
Pasos de peóns, símbolos, letras e frechas	15	P6

3. SINALIZACIÓN VERTICAL

3.1 Dimensións

3.1.1. Sinais de contido fixo

O tamaño das sinais corresponderase co indicado na Norma 8.1-IC para estradas convencionais con beiravía.

- Triangulares 135 cm. de lado.
- Circulares 90 cm. de diámetro.
- Octogonais con distancia de 90 cm. entre lados contrarios.
- Cadradas 90 cm. de lado.
- Rectangulares 135 x 90 cm. de lados.

3.1.2. Paneis complementarios

As dimensións dos paneis complementarios deducíranse do tamaña da sinal a que complementan, sendo a súa anchura igual do lado das sinais triangulares e cadradas, á anchura das sinais rectangulares ou o diámetro das circulares. A altura dependerá das inscricións contidas, e das separacións entre liñas, marxes e orlas. Os paneis complementarios deberán colocarse debaixo da sinal á que complementan.

3.1.3. Carteis

As dimensións dos carteis deduciranse do tamaño dos caracteres e orlas utilizados, así como das separacións entre liñas, orlas e bordos. Ademais, os carteis formados por lamas axustarán as súas dimensións a un número múltiplo destas.

Os carteis frecha en estradas convencionais só poderán ter as alturas e lonxitudes seguintes:

- Altura: 250, 300, 350, 400, 450, 500 ou 550 mm.
- Lonxitude: 700, 950, 1.200, 1.450, 1.700, 1.950 ou 2.200 mm.

O ángulo exterior na punta dos carteis frecha será de 75º.

3.2 Selección nivel mínimo de retroflexión

Os criterios para a selección do nivel de retrorreflexión realizaranse en función das características específicas do tramo de estrada a sinalizar e da súa situación. Para o que se seguirá o cadro seguinte:

Criterios para a selección do nivel mínimo de retrorreflexión

	Entorno de ubicación do nivel mínimo ou cartel		
Tipo de sinal ou cartel	Zona periurbana (travesías, circunvalacións ...)	Autopista, autovía e antigas vías rápidas	Estradas convencionais
Sinais de contido fixo	RA 2	RA 2	RA 2
Carteis	RA 3	RA 3	RA 2

Na estrada obxecto deste proxecto, os sinais de código terán un Nivel RA 2 do mesmo xeito que os carteis e os paneis complementarios.

3.3 Sinais de aceiro galvanizado

Os sinais de perigo, preceptivas e frechas, están construídas a base de chapa de aceiro galvanizado, sobre a cal se construirán os símbolos, orlas, textos, etc, mediante a adhesión ao baleiro das láminas reflexivas especiais.

Todos os elementos (fondo, carácteres, orlas, símbolos, frechas, pictogramas) dun sinal, cartel ou panel complementario, cuxo destino sexa o de ser visto desde un vehículo en movemento, excepto os de cor negra ou azul escura, deberán ser retrorreflexivos na súa cor.

3.4 Situación dos sinais

Os sinais e carteis situadas nas marxes (excepto carteis frecha) que puidesen ser necesarios situaranse a 1,50 m de altura.

En zona urbana, se o sinal ou cartel situásese sobre beirarrúas ou zonas destinadas á circulación de peóns (como é o noso caso), a diferenza de cota entre o bordo inferior do sinal ou cartel e a devandita beirarrúa ou zona non será inferior a 2,20 m.

Os carteis frecha empregados situaranse a unha altura de polo menos 2,20 m para non entorpecer a visión do tráfico, excepto cando haxa varios amoreados, que se poderán colocar deixando libre unha altura de 1,70 m.

3.4.1. Situación lateral dos sinais

Os sinais e carteis situados nas marxes da plataforma colocaranse de forma que o seu bordo máis próximo deches polo menos:

- 2,5 m do bordo exterior da calzada, ou 1,5 m onde non houbese beiravía, que se poderán reducir a 1 m despois de xustificación.
- 0,5 m do bordo exterior da beiravía.

Con restricións de espazo, o bordo máis próximo do sinal ou cartel poderase colocar a un mínimo de 0,5 m do bordo da restrición máis próximo á calzada, sempre que con iso non se diminúa a visibilidade dispoñible.

En zona urbana, terreo moi accidentado ou illotes de reducidas dimensións, a separación entre o bordo da calzada e o do sinal ou cartel máis próximo a esta, non baixará de 0,5 m. Excepcionais, en vías urbanas con báculos de iluminación xunto ao bordo, a devandita separación poderá ser igual á daqueles, sempre que non baixe de 0,3 m.

3.4.2. Elementos de sustentación

Os elementos de sustentación dos sinais baséanse en postes de aceiro galvanizado.

Empregáranse postes galvanizados de diferentes tamaños en función do sinal que sustenten.

3.4.3. Cimentacións

As cimentacións necesarias para os postes son de dimensións moi variables dependendo do tipo de soporte, dimensións do sinal, perfil do terreo, etc.

4. BALIZAMENTO

4.1 Xeneralidades

Os elementos de balizamento teñen como misión principal complementar a sinalización e buscar un aumento na seguridade e comodidade paralos usuarios. A colocación de dispositivos de balizamento responde a as seguintes necesidades:

